

Emisión da tarxeta universitaria (TIU)

Se
arch

<- Volver

INCIDENCIAS E SOLICITUDES

Informar sobre unha incidencia da TIU

ALTAS E RENOVACIÓNS

Onde conseguila?

GUÍAS COMERCIAIS

Descontos na Coruña e Ferrol

CONDICIÓNS DO SERVIZO

DESCRIPCIÓN DO SERVIZO

A *emisión da tarxeta universitaria (TIU)* é o proceso mediante o que os membros da comunidade universitaria poden obter fisicamente a súa tarxeta acreditativa.



A tarxeta universitaria é a credencial que permite a identificación de todos os membros integrantes da comunidade universitaria, brinda acceso a múltiples servizos tecnolóxicos e constitúe un avanzado sistema de información, xestión, acreditación, empréstimo bibliotecario, acceso a recintos e, no seu caso, pagamento.

En caso de extinción ou suspensión da vinculación entre o usuario/a da tarxeta e a UDC, pérdese o dereito ao seu uso.

QUE NON INCLÚE ESTE SERVIZO

A emisión da *tarxeta bibliotecaria* para usuarios externos non pertencentes á comunidade universitaria.

A emisión de *tarxetas de acceso* a actividades deportivas, recintos ou aparcadoiros para usuarios non pertencentes á comunidade universitaria.

QUEN PODE FACER USO DESTE SERVIZO

Persoal docente e investigador da UDC.

Estudantes de grao, máster universitario, doutoramento, estudos propios e universidade sénior matriculados na UDC que teñan pagada a cota correspondente á tarxeta universitaria para o presente curso académico.

Persoal de administración e servizos da UDC.

Persoal da UDC contratado con cargo a fondos orzamentarios do Capítulo VI.

PROCEDEMENTO DE EMISIÓN DA TARXETA UNIVERSITARIA (TIU)

Para obter a TIU terás que acudir a calquera dos puntos de emisión habilitados, despois de facer a matrícula/contrato ou cando empeces o curso, levando tan só o documento acreditativo (dni, pasaporte etc.) co que estás matriculado/contratado; alí realizaranche a foto que aparecerá despois na tarxeta e tamén terás que escoller o pin co que te identificarás nos diversos servizos da UDC (biblioteca, control de accesos etc.)

Máis información na pestana [Onde conseguila?](#)

CONDICIÓNS DE USO

A tarxeta universitaria é a credencial que permite a identificación de todos os membros integrantes da comunidade universitaria, brinda acceso a múltiples servizos tecnolóxicos e constitúe un avanzado sistema de información, xestión, acreditación e, no seu caso, pagamento.

A tarxeta universitaria é unha tarxeta persoal e intransferible. A persoa titular é responsable dos actos administrativos que fosen validados e autenticados coa tarxeta que o identifica. Se es estudante, para ter dereito a ela é necesario estar **matriculado na UDC e pagar a cota anual correspondente**.

En caso de extinción ou suspensión da vinculación entre o usuario/a da tarxeta e a UDC, pérdese o dereito ao seu uso.

No 2015 comezou na UDC a emisión instantánea da tarxeta de identificación universitaria (TIU) para todos os membros da comunidade, que che permite levar en poucos minutos a túa tarxeta e gozar das súas vantaxes desde o primeiro momento.

Para iso simplemente terás que acudir a calquera dos puntos de emisión habilitados, despois de facer a matrícula/contrato ou cando empeces o curso, levando tan só o documento acreditativo (dni, pasaporte etc.) co que estás matriculado/contratado; alí realizaranche a foto que aparecerá despois na tarxeta e tamén terás que escoller o pin co que te identificarás nos diversos servizos da UDC (biblioteca, control de accesos etc.)

PUNTOS FIXOS DE EMISIÓN

A Coruña

Campus de Elviña. Oficina de campus do Banco Santander. Pavillón de Estudantes

Teléfono: 981 296 387

Ferrol

Campus de Esteiro. Oficina de campus do Banco Santander. Edificio de Apoio ao Estudo
Teléfono: 981 359 310

HORARIO

Desde o **14 de outubro**:

- **martes e xoves**, en horario de **09:00 a 13:00** e de **16:00 a 17:00**

CADUCIDADE

As tarxetas que non teñen conta asociada seguen estando operativas pese a que xa finalizara a data de caducidade. Se a túa tarxeta caducou e por calquera motivo necesitas unha con data de caducidade en vigor diríxete aos puntos de emisión.

Notas:

- Se xa non tes vinculación coa universidade e queres unha tarxeta para acceder ao préstamo de libros na biblioteca como usuario externo, consulta esta ligazón
- Se no punto de emisión non puides obter a tarxeta por algún destes erros debes facer o seguinte:
 - *ERROR-02* (o usuario non ten dereito a tarxeta) contacta coa administración do teu centro (estudante) ou coa unidade organizativa que che realizou o contrato (persoal da UDC) para que che revisen a matrícula ou o contrato.
 - *ERROR-00, ERROR-01, ERROR-03* abre unha incidencia (**Informar sobre unha incidencia da TIU**) reportando o erro.
- Algúns servizos da tarxeta universitaria, como o préstamo de libros na biblioteca ou o control de acceso a edificios, requiren da activación previa no portal de Servizos da universidade, polo que é recomendable rexistrarse en <https://servizos.udc.es> antes de obter a tarxeta nos puntos de emisión.

CONDICIÓN DE USO

- 15 de xullo de 2015: emisión directa nos puntos de emisión.
- 1 de outubro de 2019: cambio no horario de emisión das tarxetas

FAQ - Preguntas frecuentes

Page: Onde conseguila?

Page: FAQ Tarxeta universitaria (TIU)

Data actualización : 10 Jan 2019

Servizo : Emisión da tarxeta universitaria (TIU)

Grupo : Software e aplicacións

Clase : SERVICIOS ENTREGADOS, SERVICIOS DE ACCESO, **APLICACIÓNS**